

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE SETEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Sober e Pantón, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de traballo de Secretaría-Intervención, reservado a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Decreto polo que se regula o sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Sarria para a renovación do sistema de céspede sintético, substitución de instalacións deportivas e mellora da contorna do estadio municipal da Ribela, por un importe total de setecentos trinta e sete mil cincocentos vinte euros con noventa e dous céntimos (737.520,92 €).

CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do acordo de inicio e da consulta pública previa do anteproxecto da Lei galega de acoso e violencia dixital.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha planta de produción de biometano, no concello de Lugo, promovido por Lugaz Bioenerxía, S.L.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da resolución das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de Mugardos.
- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de Rianxo.
- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de Vilaxoán no concello de Vilagarcía de Arousa.
- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de Moaña.
- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de O Grove.
- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de Laxe.
- Acordo polo que se autoriza a reversión parcial á Administración xeral do Estado, de terreos no porto de Combarro no concello de Poio.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da provisión de prazas nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos con trastorno mental severo mediante procedemento aberto e tramitación urxente, suxeito a regulación harmonizada (Contrato cofinanciado pola Unión Europea no Marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027), por un importe de trece millóns trescentos trinta e sete mil douscentos oitenta euros (13.337.280,00) e un valor estimado de vinte millóns cinco mil novecentos vinte euros (20.005.920,00 €). Expte. AB-SER4-25-003.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e cualifica, como centro de interpretación do patrimonio cultural, o denominado Centro de Interpretación da Música de Raíz.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Monterrei para realizar actuacións no marco do proxecto Paisactivo-paisaxes cortalume: activación do espazo rural para un territorio resiliente, por un importe máximo de douscentos cincuenta e oito mil novecentos oitenta e sete euros con oito céntimos (258.987,08 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón das obras da rampla no porto de Esteiro, no concello de Muros, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), cun orzamento base de licitación de cento corenta mil douscentos sesenta e un euros con oitenta e sete céntimos (140.261,87 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), executados no ano 2024.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a licitación da compra pública innovadora do proxecto SICLE CO₂.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre a ferramenta Termómetro Acoso Escolar.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a Escola Galega de Administración Pública en E-Administración, ciberseguridade, competencias dixitais e intelixencia artificial en 2025.
- Informe sobre os servizos de ciberseguridade prestados á Administración local por parte da Xunta de Galicia. Período 2021-2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto do ensanche e mellora da PO-230 (Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro), cun orzamento base de licitación de catro millóns douscentos corenta e tres mil cincocentos corenta e un euros con sesenta e sete céntimos (4.243.541,67 €).
- Informe de execución de vivenda pública.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a edición na Comunidade Autónoma de Galicia 2024.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o contrato da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o desenvolvemento dun programa de asesoría, *mentoring* e consultoría a persoas emprendedoras autónomas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o próximo pagamento de axudas directas da campaña de 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO PARA A AGRUPACIÓN NUN ÚNICO POSTO DE SECRETARIO-INTERVENTOR NOS CONCELLOS DE SOBER E PANTÓN

O Consello da Xunta deu o visto e praxe xa que responde a criterios de economía e eficiencia administrativa

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba a agrupación voluntaria entre os concellos de Sober e Pantón, da provincia de Lugo, para o sostemento en común do posto de traballo de Secretaría-Intervención, reservado a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Os concellos de Sober e Pantón acordaron aprobar definitivamente esta agrupación por criterios de economía e eficiencia administrativa, evitando a duplicidade de gastos.

A constitución desta agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de traballo reservado de Secretaría-Intervención débese á insuficiencia de recursos económicos existente en ambas as entidades locais, ocasionada en gran medida pola redución paulatina da poboación nos dous municipios, o que supón unha diminución da principal fonte de ingresos ordinarios -a participación nos tributos do Estado- e da recadación doutros ingresos como impostos, taxas e prezos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 6,8 M€ A ACTIVAR O PRIMEIRO MERCADO VOLUNTARIO DE CARBONO DE GALICIA PARA COMPENSAR EMISIÓNS CON PROXECTOS QUE REDUZAN OU ABSORBAN CO₂

- O Consello aproba o Decreto polo que se regula un novo sistema para canalizar a compra de créditos de carbono por parte de empresas, entidades ou cidadanía
- Galicia será pioneira en incorporar as novas tecnoloxías e elementos innovadores para permitir operacións comerciais de compra de CO₂ e garantir o seu seguimento
- Entre as iniciativas que poderán participar nestas transaccións cómpre citar a reforestación e conservación de bosques, a restauración de ecosistemas mariños e costeiros ou o impulso de enerxías renovables, entre outras, polo que suporá tamén unha oportunidade de desenvolvemento económico e ambiental para a Comunidade
- Para facilitar as operacións habilitarase unha plataforma electrónica que se ocupará de xestionar o novo mercado e velará pola súa seguridade e rastrexabilidade
- O desenvolvemento da plataforma farase no marco do chamado SICLE CO₂, un dos oito proxectos galegos que foi escollido este ano no marco da convocatoria de compra pública innovadora, financiada nun 60 % con fondos europeos e nun 40 % pola Xunta de Galicia
- Con esta iniciativa, o Executivo galego quere contribuír a acadar a neutralidade climática no horizonte de 2040, un compromiso incluído no proxecto da Lei do clima

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se regula o primeiro sistema voluntario de créditos de carbono de Galicia, unha iniciativa que se porá á disposición de empresas, entidades, organizacións e mesmo da cidadanía para que poidan compensar as súas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) mediante a compra de créditos xerados por un amplo abano de proxectos con capacidade para evitar ou capturar CO₂.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático destinará 6,8 millóns de euros a poñer en marcha esta iniciativa, cun funcionamento similar ao dun mercado virtual no cal se busca poñer en contacto os promotores de actividades xeradoras de créditos de carbono cos potenciais interesados en adquirilos voluntariamente e con independencia de que teñan ou non a obriga legal de compensar emisións. Deste xeito, Galicia será pioneira en España, xa que contará en 2026 co primeiro mercado voluntario de carbono que, mediante a incorporación das novas tecnoloxías e de elementos innovadores, permita realizar operacións de comercialización e velar polo seu seguimento posterior.

Entre as iniciativas que poderán integrarse no sistema e participar nestas transaccións cómpre citar proxectos relacionados coa reforestación e conservación de bosques, restauración de ecosistemas mariños e costeiros, adopción de prácticas agrogandeiras rexenerativas ou impulso e uso de enerxías renovables, entre outros. Cada tonelada de CO₂ absorbida equivalerá a 1 crédito de carbono que se porá á disposición tanto dos propios beneficiarios como das persoas intermediarias.

Neste sentido, cómpre subliñar que aínda que o sistema voluntario de créditos de carbono da Xunta ten como obxectivo principal contribuír á neutralidade climática de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia —mediante o fomento de actividades que ou ben eviten a liberación de CO₂ ou contribúan a aumentar a súa capacidade de absorbelo—, suporá tamén unha oportunidade de desenvolvemento económico e ambiental para o conxunto da Comunidade en eidos como o forestal, a economía azul e a acuicultura ou o enerxético.

Para facilitar as operacións entre os promotores dos proxectos e os beneficiarios que adquiren os créditos porase en marcha unha plataforma electrónica que xestionará o novo mercado voluntario mediante transaccións verificables e certificadas, dotándoo así de rastrexabilidade e seguridade.

Con tal fin, antes da súa incorporación ao sistema, os proxectos serán sometidos a un proceso de validación inicial que os certifique como iniciativas de absorción de carbono e a unha validación continua posterior que acredite o cumprimento das accións previstas e dos créditos xerados.

O desenvolvemento da plataforma que dará soporte e garantirá a interoperabilidade do novo sistema de créditos de carbono farase no marco do SICLE CO₂, un dos oito proxectos galegos escollido este ano no marco da convocatoria de compra pública innovadora, financiada nun 40 % pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e nun 60 % con fondos europeos da liña FID, que busca apoiar solucións baseadas na I+D+i que non están dispoñibles no mercado ou que necesitan ser adaptadas.

En total, o proxecto SICLE conta cun orzamento de 6,8 millóns de euros, dos cales 6 millóns se destinarán a licitar este ano a referida plataforma —co obxectivo de que entre en funcionamento a comezos de 2026— e 800.000 euros a poñer en marcha as accións de comunicación do mercado e a oficina técnica que xestionará todo o sistema.

O decreto aprobado hoxe tamén prevé crear un comité técnico para a avaliación das metodoloxías necesarias para o cálculo dos créditos de carbono de cada proxecto.

Galicia, líder en capacidade de absorción

Galicia ten un gran potencial desde o punto de vista da capacidade de absorción de carbono. De feito, a metade dos proxectos de compensación e de captura de CO₂ rexistrados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no conxunto do país son galegos.

Ademais, segundo o último inventario nacional correspondente ao ano 2023, Galicia é a comunidade autónoma que máis dióxido de carbono absorbe: 8,9 millóns de toneladas anuais de CO₂ equivalentes, é dicir, un 57 % máis que en 1990, ano de referencia a nivel mundial para as políticas climáticas.

Por iso, coa posta en marcha do primeiro sistema voluntario de compra de créditos de carbono de Galicia, a Xunta quere contribuír a acadar o obxectivo da neutralidade climática no horizonte de 2040, incluído no proxecto da Lei do clima que aprobou a semana pasada o Consello e co que aspira a darlle rango legal a este compromiso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para logralo terá que seguir reducindo as emisións de GEI —de feito, Galicia lidera a clasificación nacional, cunha diminución das emisións netas do 61,7 % respecto a 1990— ao tempo que busca equilibralas coa súa capacidade de absorción. Neste sentido, a aposta por un proxecto como o SICLE CO₂ demostra tamén que a Xunta está disposta a aproveitar ferramentas innovadoras para avanzar no cumprimento dos obxectivos comunitarios de descarbonización e loita contra o quecemento global ao tempo que se fomentan proxectos cun impacto socioeconómico e ambiental positivo na comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ MÁIS DE 500.000 € ÁS MELLORAS PREVISTAS NO ESTADO MUNICIPAL DA RIBELA EN SARRIA

- O Consello da Xunta aproba o convenio de colaboración, a través do cal o Goberno galego achegará máis de 516.200 euros á reforma, o 70 % do investimento total
- Renovarase o espazo sintético e melloraranse as instalacións deportivas e a contorna do estadio co obxectivo de ofrecer un espazo axeitado á S.D. Sarriana e aos 200 nenos e nenas das súas categorías de base, así como ás persoas e aos equipos de todas as idades que fan uso da infraestrutura

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Sarria para a renovación do sistema de céspede sintético, a substitución de instalacións deportivas e a mellora da contorna do estadio municipal da Ribela. O Goberno galego achegará a través deste acordo máis de 516.200 euros, o que supón o 70 % do investimento total.

Nas actuacións previstas, ademais da renovación integral do céspede sintético e da modernización do estadio, inclúense melloras na iluminación, nos vestiarios, nas zonas comúns e nas bancadas. Cos traballos previstos no céspede garantirase a seguridade dos xogadores e coa substitución da iluminación haberá posibilidade de usar o estadio en horario nocturno, sobre todo no inverno. Ademais, con esta modernización, a infraestrutura permitirá dar servizo ao crecemento de persoas usuarias, ao mesmo tempo que se garante un aforro enerxético a medio prazo.

Así, dotaranse dun espazo axeitado tanto a S.D. Sarriana e os 200 nenos e nenas das súas categorías base, que compiten e adestran neste estadio, como os equipos, desde os veteranos aos escolares, ou de colectivos locais que participan en competicións e torneos, moitos deles de relevancia autonómica e nacional. De feito, trátase dunha das principais instalacións deportivas do municipio e un espazo interxeracional que usa cada día a cativada, a mocidade e as persoas adultas, e tamén multicultural para, ademais de eventos deportivos, acoller outras citas culturais.

Os traballos que se leven a cabo permitirán atraer competicións federativas de maior nivel e aumentar a proxección de Sarria. A ese obxectivo de promocionar o concello contribúe tamén a S.D. Sarriana, club referente do municipio, que este ano acadou un ascenso histórico á segunda RFEF. Ao mesmo tempo, a Xunta, mediante esta colaboración, contribúe a fomentar a actividade física entre a poboación do concello e o deporte base.

A medida enmárcase no apoio da Xunta ás administracións locais e, especialmente, ás infraestruturas deportivas de carácter municipal. Así, o Goberno galego conta con diferentes liñas de axuda dirixidas especificamente á mellora destas infraestruturas ou que lle dan prioridade nos criterios de valoración.

Nesta liña, a Xunta impulsou en 2024 máis de 400 actuacións en instalacións deportivas, tanto de titularidade autonómica como municipal, cun orzamento global de 22 millóns

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de euros a través de axudas da Secretaría Xeral para o Deporte e de liñas específicas de apoio ás entidades locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA A APROBACIÓN DA FUTURA LEI GALEGA DE ACOSO E VIOLENCIA DIXITAL

- Destaca que a nosa Comunidade será a primeira en contar cunha lexislación específica neste ámbito para previr e apoiar as vítimas, que son maioritariamente menores, mulleres e persoas LGTBI
- A conselleira sinalou que se prevé a posta en funcionamento dun novo servizo para a eliminación daquel material dixital accesible en rede que se usou como instrumento de acoso ou de violencia dixital

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego iniciou os trámites para aprobar a futura Lei galega de acoso e violencia dixital. Segundo sinalou, o Consello deu luz verde ao proxecto de acordo de inicio e consulta pública previa do anteproxecto da Lei.

Rueda apuntou que o obxectivo desta norma é a adopción de medidas específicas fronte a un tipo de violencia “cada vez máis presente” con motivo da expansión do uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, como a internet ou as redes sociais.

O titular do Executivo galego destacou que, deste xeito, Galicia será “a primeira comunidade autónoma” en contar cunha lexislación específica destas características, coa que se queren combater violencias como o ciberacoso ou *ciberbullying* ou a violencia sexual, que supón o envío non consentido de mensaxes de contido sexual ou a difusión non consentida de material sexual. Unha violencia da que son obxecto, de maneira maioritaria, menores, mulleres e persoas LGTBI.

Tal e como sinalou a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, concretamente no caso das mulleres, a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero de 2007 xa recolle como violencia de xénero “a violencia dixital ou en liña contra as mulleres”. Precisamente, o anteproxecto de lei abordado esta mañá polo Executivo autonómico ten por finalidade definir os conceptos de acoso e violencia dixital, fixar os principios de actuación, establecer medidas de prevención, sensibilización, prevención e detección, posibilitarlle a formación na materia ao persoal da Xunta de Galicia e das forzas e corpos de seguridade, e artellar medidas de protección e apoio ás vítimas.

Para a elaboración deste texto lexislativo, a conselleira destacou que a Xunta tivo en conta a experiencia de diversas entidades, como por exemplo a Asociación Stop Violencia de Xénero Dixital, organización que leva moitos anos traballando neste campo.

Medidas

Fabiola García salientou que entre as propostas que se prevén nesta normativa está a posta en funcionamento dun servizo de borrado da pegada dixital. Esta medida trata de facilitar a eliminación do material dixital accesible en rede que se usou como instrumento de acoso ou violencia dixital, favorecendo a restauración da reputación dixital.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra medida é a creación dun espazo virtual, onde as vítimas poderán recibir asesoramento gratuíto para previr outros ataques ou supostos de violencia dixital. A finalidade é que as vítimas saiban reaccionar e tomen as medidas necesarias ante o acoso e as violencias que sofren a través dos seus ordenadores, teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro dispositivo.

Así mesmo, a conselleira sinalou que se desenvolverán programas psicopedagóxicos de intervención especializada en adicións ás novas tecnoloxías dirixidos a menores e ás súas familias. Tamén se implantarán máis medidas de prevención e sensibilización no ámbito educativo, tanto na etapa de secundaria como no ensino universitario. Para isto poranse á disposición do alumnado ferramentas para poder denunciar calquera acción de violencia dixital, incluídos medios telemáticos ou dixitais.

Consulta pública

Tras o seu paso polo Consello, o anteproxecto de lei sométese desde mañá, día 9 de setembro, e durante un período de 15 días á consulta pública previa, co obxecto de recoller as achegas da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Esta iniciativa reforza o compromiso da Xunta na prevención, a axuda e a protección ás vítimas, que na nosa Comunidade contan con recursos habitacionais, a través dunha rede de vivendas de acollida por todo o territorio, con máis de 80 prazas; centros de Información á Muller (CIM), que dan servizo a 200 concellos; axudas económicas directas e periódicas, atención xurídica e psicolóxica gratuíta e programas que fomentan a inserción laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DECLARA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PLANTA DE BIOMETANO EN LUGO

- A iniciativa, que estará situada no polígono industrial do Ceao, permitirá converter os residuos xerados na contorna en gas renovable e produtos fertilizantes
- O décimo oitavo proxecto industrial declarado estratéxico polo Goberno galego suporá un investimento de 7,5 M€ e a creación de 30 postos de traballo, entre directos e indirectos

Galicia contará cunha nova planta para a produción de biometano no polígono industrial do Ceao, no concello de Lugo, logo da declaración como proxecto industrial estratéxico da iniciativa impulsada pola sociedade vehicular Lugaz Bioenerxía, S.L., aprobada no Consello da Xunta desta mañá. A iniciativa permitirá a creación de 30 postos de traballo, 10 deles de carácter directo e 20 indirectos, e contará cun investimento de 7,5 millóns de euros. Este será o décimo oitavo proxecto declarado estratéxico polo Goberno galego que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de máis de 2.920 millóns de euros e preto de 4.630 empregos.

O proxecto recolle a construción e posta en funcionamento dunha planta de biometano na parcela anexa ás instalacións de Leite Río no Ceao, que será unha das principais provedoras dos residuos de proximidade que se van empregar e valorizar, e cuxa capacidade alcanzará os 19 GWh anuais, que serán inxectados á rede de gas natural. A nova fábrica inclúe tamén o aproveitamento do material orgánico resultante do proceso de dixestión anaerobia denominado *dixerido* para a obtención dun produto fertilizante.

Deste xeito, a iniciativa permitirá un aproveitamento sustentable dos restos orgánicos que se xeran nas proximidades, mellorando a contorna e a calidade do aire. Un exemplo de economía circular onde os residuos se valorizan para xerar gas renovable e dixerido con propiedades fertilizantes, ao tempo que volven os nutrientes ao chan.

Lugaz Bioenerxía, S.L. é unha sociedade vehicular formada polas empresas Leite Río, S.A.; Norvento Enerxía Distribuída Plus, S.L.U.; Agroamb Prodalt, S.L. e Medrar Smart Solutions, S.L. Catro firmas líderes nos seus respectivos campos e con sede na provincia lucense.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía do Goberno galego por axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, da creación de emprego. Ademais, o proxecto incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 1 de xaneiro do ano 2024.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa, á planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico, así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei, á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes de García Rodríguez, á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo, á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro, promovida por Cobre San Rafael; á planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; ao proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center; á planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría, á terminal de almacenamento de betume asfáltico no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos, S.L.U.; á factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis, á nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña), á que proxecta Nueva Pescanova en Arteixo (A Coruña), á ampliación da fábrica de Urovesa en Valga e á construción dunha central hidroeléctrica de bombeo en Meirama, promovida por Coventina Renovables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APOIA CON 10 M€ PRETO DUN CENTO DE PEMES DA CADEA MONTE-INDUSTRIA GALEGA PARA QUE MELLOREN A SÚA COMPETITIVIDADE

- O programa Xera-Tecno recibiu un total de 117 solicitudes na convocatoria deste ano, delas concedéronse 86 apoios que mobilizarán máis de 27 millóns de euros
- Por provincias, A Coruña e Lugo resultaron beneficiadas con 29 axudas concedidas por un importe superior aos 7,6 millóns de euros, mentres que Ourense recibiu 13 por valor de 884.000 euros e Pontevedra 15 que suman algo máis de 1,4 millóns de euros
- Dos 86 expedientes concedidos, máis da metade do importe (58 %) corresponde a investimentos da *Liña 2. Madeira e biomasa*, mentres que o resto se reparte entre a *Liña 4. Valor engadido na primeira transformación da madeira* (27 %), *Liña 1. Xestión forestal activa* (9 %) e a *Liña 5. Medición, rastrexabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento* (6 %)
- O programa enmárcase na Axenda de Impulso Forestal-Madeira, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector e que ten como obxectivo poñer en valor a industria e impulsar a súa modernización

O Consello da Xunta analizou esta mañá o informe en que se dá conta da resolución da concesión das axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos que permitirán mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas que integran a cadea monte-industria galega. O programa, que impulsa a Administración autonómica a través da Axencia Galega das Industrias Forestais (XERA), contaba cun orzamento de 10 millóns de euros para o bienio 2025-2026 que se concedeu case na súa práctica totalidade (9.990.288,93 euros) e do que se beneficiarán 86 proxectos.

O programa Xera-Tecno inclúe cinco liñas de axuda coas que se busca poñer en valor os recursos dos bosques galegos xunto cos equipamentos, a maquinaria e as instalacións necesarias para incrementar o peso da industria ligada a toda a cadea de valor. Dos 86 expedientes concedidos, o 58 % corresponden coa *Liña 2. Madeira e biomasa*; mentres que da *Liña 4. Valor engadido na primeira transformación da madeira* se outorgaron o 27 %; da *Liña 1. Xestión forestal activa*, o 9 %, e da *Liña 5. Medición, rastrexabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento*, o 6 %.

Cómpre lembrar que a *Liña 1. Xestión forestal activa* está destinada á adquisición da maquinaria precisa para a realización de tratamentos silvícolas; a *Liña 2. Madeira e biomasa* está dirixida ao acondicionamento de parques intermedios de madeira e a equipamentos para a realización de aproveitamentos forestais; a *Liña 3. Castaña e resina*, encamiñada á adquisición de maquinaria e mellora das instalacións para o aproveitamento comercial da castaña e da resina no monte; *Liña 4. Valor engadido na primeira transformación da madeira*, enfocada á compra de maquinaria e instalacións de primeira transformación da madeira e de equipamentos para a clasificación estrutural e por calidades desta; e finalmente, unha nova liña denominada *Liña 5. Medición,*

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rastrexabilidade e caracterización da madeira obxecto de aproveitamento, dirixida á adquisición de equipamentos de medición de inventario forestal, básculas e outros equipos.

Repartición por provincias e importes

A distribución por provincias das axudas correspondentes á convocatoria deste ano deu como resultado que as da Coruña e Lugo aglutinaron o groso dos apoios, tanto en número de concesións como no importe. De maneira que, no caso da Coruña, se concederon 29 axudas por un importe de 3.788.018,33 euros, mentres que no de Lugo se outorgou o mesmo número de apoios por importe de 3.867.854,43 euros. En ambas, o groso das achegas recae en investimentos para a liña 2, na cal se inclúe maquinaria para a realización de aproveitamentos de madeira e biomasa.

No caso de Ourense, concedéronse 13 axudas que suman 883.771,20; e na provincia pontevedresa, foron 15 que fan un montante total de 1.450.644,97 euros. Nestas dúas provincias destacan as axudas concedidas para a liña 4, na cal se inclúe maquinaria para a industria da serradura.

Unha convocatoria máis áxil

O programa Xera-Tecno 2025 avanza na filosofía da Administración galega de deburocratizar e axilizar os trámites requiridos para solicitar as axudas. Así, mantívose a declaración responsable ou a autoavaliación dos criterios de baremación, evitando a obriga de presentar tres ofertas na maior parte dos investimentos.

A axuda máxima limitouse por solicitante aos 200.000 euros para as liñas 1 e 4, 50.000 euros para a liña 5 e 160.000 euros para as liñas 2 e 3. E no que respecta á intensidade máxima da axuda, é do 40 % dos gastos elixibles e o importe está cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España (PEPAC 2023-2027), cunha achega do Feader do 60 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación do 12 % e da Xunta de Galicia, do 28 %.

Esta orde de axudas enmárcase na Axenda de Impulso Forestal-Madeira que, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector, ten como obxectivo potenciar e impulsar a súa modernización, a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ACORDA A REVERSIÓN AO ESTADO DE TERREOS SEN USO PORTUARIO NOUTROS SETE MUNICIPIOS E CONCLÚE A TRAMITACIÓN DE 16 DAS 25 SOLICITUDES

O Consello do Executivo galego deu luz verde ao último trámite de competencia autonómica no procedemento para devolver á Administración xeral solo portuario en Laxe, Moaña, Mugardos, O Grove, Poio, Rianxo e Vilagarcía de Arousa

O Consello da Xunta autorizou hoxe a remisión á Administración Xeral do Estado das propostas de reversión de terreos portuarios innecesarios para a actividade sectorial nos sete municipios incluídos na segunda fase do procedemento que impulsa Portos de Galicia para devolver terreos ao Estado coa fin de que poidan transferirse aos concellos interesados en asumir a súa titularidade. Este acordo baséase na declaración de innecesariedade referida aos terreos portuarios dos municipios de Laxe, Moaña, Mugardos, O Grove, Poio, Rianxo e Vilagarcía de Arousa que aprobou o Consello Rector de Portos de Galicia o pasado mes de xuño.

Coa autorización do Consello da Xunta finalizan os trámites de competencia autonómica para a reversión de terreos portuarios nestes sete concellos, que se suman aos nove que xa se tramitaron na primeira fase e que se remitiron a Costas do Estado no mes de maio, a saber, A Guarda, A Pobra do Caramiñal, Bueu, Cambados, Cangas, Corme, Foz, Ponteceso, Santa Cruz de Oleiros e Vilanova de Arousa. O Goberno de España é o que ten agora a competencia para decidir se acepta a reversión e se, no seu caso, transfire os terreos ás administracións locais.

Deste xeito, a día de hoxe a Xunta ten cumprido o compromiso de tramitar a reversión de terreos portuarios en 16 dos 25 procedementos solicitados polos concellos dado o uso público veciñal do solo. Nos vindeiros meses, Portos de Galicia abordará a tramitación de terreos nos municipios restantes. Para iso manterá reunións cos alcaldes destes concellos a fin de delimitar o solo susceptible de reversión ao Estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 13,3 M€ PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS NOS CENTROS DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL DE ENFERMOS CON TRASTORNO MENTAL GRAVE

- O Goberno galego autorizou hoxe a contratación para a provisión de prazas, que rexistra un incremento do 33 %, ao pasar de 949 a 1.263 prazas
- A rehabilitación psiquiátrica é un proceso destinado a mellorar a funcionalidade das persoas con trastorno mental grave, favorecendo a súa integración na comunidade
- A derivación a estas unidades realízase desde os dispositivos asistenciais vencellados aos servizos de psiquiatría do Servizo Galego de Saúde
- A finalidade destas prazas é facer efectiva a integración na sociedade e no mercado laboral do maior número posible das persoas con trastorno mental grave
- O Plan estratéxico de saúde mental de Galicia, en fase de elaboración, impulsará o modelo de saúde mental comunitario, fomentando a autonomía e os dereitos das persoas con problemas de saúde mental

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da provisión de prazas nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos con trastorno mental grave. A contratación, mediante procedemento aberto e tramitación urgente, prevé un importe de 13.337.280 euros para dous anos de duración, coa posibilidade de prórroga por un ano máis. Neste caso, o valor estimado do contrato sitúase ao redor dos 20 millóns de euros.

O Goberno galego incrementará nun 33 % estas prazas, que pasan de 949 a 1.263.

A rehabilitación psicosocial é un proceso destinado a mellorar a funcionalidade das persoas con trastorno mental grave favorecendo a súa integración na comunidade. Este proceso require dun conxunto de intervencións e apoios a estas persoas e aos seus familiares, que son prestados a través dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral.

A derivación a estas unidades realízase desde os dispositivos asistenciais vencellados aos servizos de psiquiatría do Servizo Galego de Saúde, unha vez determinadas as necesidades sociais e de apoio por parte do equipo multidisciplinar responsable do paciente.

A finalidade destas prazas é favorecer a integración na comunidade e no mercado laboral do maior número posible das persoas con trastorno mental grave.

Esta medida está cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Modelo integral

O Executivo galego ten por obxectivo implantar, con esta medida, un novo modelo integral en que os usuarios destes centros de rehabilitación sexan guiados cara a itinerarios formativos que terán o obxectivo de promover a adquisición dun emprego remunerado.

Para tal efecto, é preciso traballar, no seo destes centros, todos os aspectos do funcionamento social e laboral desde a orientación vocacional, a formación en hábitos básicos de traballo e habilidades de axuste laboral, o apoio á formación profesional, o adestramento en habilidades de busca de emprego e o apoio á inserción laboral.

As prazas nestes centros de rehabilitación distribúense por zonas xeográficas en función das áreas de influencia dos dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde, o que favorecerá a coordinación entre os profesionais responsables da atención sanitaria a estes pacientes e o equipo que presta o servizo nas unidades de apoio comunitario.

Cómpre remarcar que o Plan de acción 2025-2027, aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en abril deste ano, incide no apoio a un modelo de saúde mental comunitario próximo ao lugar de residencia da persoa, involucrando aos axentes clave para previr a institucionalización e fomentar a autonomía e os dereitos das persoas con problemas de saúde mental.

Estes aspectos foron tamén recollidos no Plan de saúde mental Poscovid da Xunta 2020-2024 e estarán no novo Plan estratéxico de saúde mental de Galicia, que se atopa en fase de elaboración por parte do Executivo galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTEGRA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MÚSICA DE RAÍZ NO SISTEMA MUSEÍSTICO GALEGO

- O Consello da Xunta de Galicia dá luz verde á incorporación deste espazo localizado no Courel, no concello de Quiroga, pola súa preservación do patrimonio musical tradicional
- A súa colección conta con 1.200 reproducións de instrumentos, así como arquivos sonoros con gran valor etnográfico e documentación audiovisual e discográfica
- O equipamento supón, ademais, un dinamizador da vida social e cultural da zona e favorece a inclusión eliminando barreiras físicas, cognitivas ou sociais
- A listaxe de centros que forman parte da rede galega conta con 93 entidades, das que 69 son museos, 22 coleccións museográficas e dous centros de interpretación

A Xunta de Galicia integrará o Centro de Interpretación da Música de Raíz, localizado no Courel, concretamente no concello de Quiroga, no Sistema Galego de Centros Museísticos. Así se acordou hoxe no Consello, onde se deu luz verde ao seu recoñecemento como espazo interpretativo do patrimonio cultural e á súa conseguinte incorporación a esta rede.

Deste xeito, o Consello dá o seu visto e praxe á inclusión deste equipamento, xestionado pola Fundación Legar para a preservación da música de raíz, logo da avaliación dos informes que verifican o cumprimento dos requisitos exixidos para formar parte dun sistema que na actualidade conta cun total de 93 entidades, das que 69 son museos, 22 coleccións museográficas e dous centros de interpretación.

Neste senso, a importancia deste espazo reside na súa contribución á conservación dun legado que ata o de agora se transmitía oralmente, de maneira que documenta e difunde un patrimonio que se atopa nas raíces da cultura galega, sendo o primeiro desta natureza que accede ao dito sistema.

Cómpre destacar, neste contexto, que forman parte desta cultura musical de raíz os instrumentos primixenios, produtores de son, que naceron e viven na propia natureza: canas, osos, cornos, froitos, cabazas, paus ou cunchas. Tamén calquera útil ou ferramenta empregada para levar a cabo as actividades da vida cotiá, xa sexan tarefas vinculadas ao campo, á cociña ou a outros labores.

Así, os fondos da colección do centro ofrecen unha rica visión da música de raíz galega, preservando tanto os instrumentos como o saber asociado á súa construción e uso. Abrangue ao redor de 1.200 reproducións de instrumentos representando as diferentes fases da evolución da música popular, 52 pezas orixinais antigas e instrumentos construídos e restaurados artesanalmente por Xavier Blanco, impulsor da Fundación Legar, empregando técnicas ancestrais e materiais naturais.

Así mesmo, salvagarda arquivos sonoros de gran valor etnográfico, recollidos en traballos de campo ao longo de máis de 40 anos, con gravacións de persoas portadoras da tradición oral galega; documentación audiovisual e discográfica, e material escrito e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

visual para a investigación e difusión, como son os rexistros fotográficos e a documentación que detalla as técnicas de construción e restauración.

A colección complétase cunha programación paralela de actividades que combina experiencia, aprendizaxe e creación, reivindicando tanto a música de raíz galega como a paisaxe sonora e o patrimonio cultural do Courel. As accións van desde representacións didácticas que exploran a historia desde os instrumentos primixenios ata a actualidade, obradoiros para construír instrumentos ou rutas sonoras ata encontros musicais que reúnen grupos e músicos promovendo o intercambio cultural.

Dimensión inclusiva

Este proxecto supón un importante revulsivo na dinamización da vida social e cultural dunha zona xeográfica de grande interese e atractivo natural, favorecendo a inclusión deste territorio en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Así é que o Centro de Interpretación da Música de Raíz ten moi presente na súa actividade todas as persoas, proporcionando un espazo accesible e enriquecedor para todas elas, independentemente das súas capacidades, adaptando as súas propostas e eliminando todo tipo de barreiras, xa sexan físicas, cognitivas, comunicativas ou sociais.

A súa inserción no Sistema Galego de Centros Museísticos permitiralle continuar con esta programación mediante o acceso a liñas de axudas públicas, a participación en accións formativas de interese para as súas iniciativas, o acceso a propostas colaborativas ou a actividades itinerantes promovidas pola Administración autonómica.

A música de raíz e a Fundación Legar

O centro é de titularidade privada, promovido pola Fundación Legar para a preservación da música de raíz, que presentou a solicitude e a documentación necesarias para a súa creación e cualificación. Trátase dunha fundación de interese galego cuxo fin é difundir e promover a conservación, mellora, protección, vixilancia e desenvolvemento desta riqueza cultural en Galicia, e que naceu impulsada polo investigador da memoria Xavier Blanco.

O Centro de Interpretación da Música de Raíz está localizado na aldea da Seara, no Xeoparque Mundial Montañas do Courel. Esta aldea de orixe medieval conta cun patrimonio arquitectónico característico e constitúe un conxunto de interese etnográfico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COLABORA CO CONCELLO DE MONTERREI PARA CONTINUAR CO PROXECTO EUROPEO PAISACTIVO, CO FIN DE FAVORECER A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- A Consellería do Medio Rural e o Concello asinarán un convenio a través do cal se realizarán actuacións de restauración e mellora paisaxística, de habilitación e impulso da multifuncionalidade de espazos públicos e a rehabilitación e renovación urbana da aldea modelo de Infesta, cun orzamento de case 259.000 euros
- O proxecto ten como fin reducir a vulnerabilidade do territorio ante o risco de incendios, mediante a posta en valor e a mellora da xestión sostible dos terreos agroforestais
- Trátase dunha iniciativa internacional cuxa área de intervención abrangue Galicia e o norte de Portugal, polo que tamén participan entidades do país luso

O Goberno autonómico colaborará co concello ourensán de Monterrei para seguir impulsando a posta en marcha do proxecto *Paisactivo-paisaxe cortalume: activación do espazo rural para un territorio resiliente*. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta, que autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Monterrei, dotado con case 259.000 euros.

Esta iniciativa, enmarcada no proxecto europeo Interreg POCTEP, busca reducir a vulnerabilidade do territorio ante o risco de incendios, mediante a posta en valor e a mellora da xestión sostible dos terreos agroforestais ao tempo que se protexen e dinamizan os asentamentos rurais. A área de intervención deste programa é Galicia e o norte de Portugal, polo que se trata dun proxecto internacional.

A Xunta de Galicia participa na iniciativa a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, que asinará un convenio co Concello de Monterrei. Ademais, son socios do proxecto a Comunidade Intermunicipal Tâmega e Sousa, a Universidade de Porto, a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Juana de Vega, a Dirección Geral do Território e o Município de Baião.

Deste xeito, a través do convenio entre o Goberno autonómico e o Concello de Monterrei, levaranse a cabo varias actuacións na aldea modelo de Infesta. En concreto, accións de restauración e mellora paisaxística, como é o caso do camiño paralelo ao río Rubín. Realizaranse tamén intervencións para a habilitación e a mellora da multifuncionalidade de espazos públicos, coa construción de dúas pontes sobre o río Albarellos, a mellora de firme e pavimentación de vía principal e a praza do Campo; e coa humanización e o acondicionamento da marxe do río Rubín.

Por último, acometeranse labores de rehabilitación e renovación urbana da aldea, co soterramento de liña eléctrica aérea de iluminación pública e a reforma e humanización na praza da Fonte.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto Paisactivo

O proxecto Paisactivo ten como obxectivo específico favorecer a adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos de catástrofes, así como a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas. Para a consecución deste obxectivo, o proxecto recolle diversas medidas dirixidas á adaptación ao cambio climático e á prevención e xestión de riscos relacionados co clima, incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e as infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos.

Esta iniciativa europea conta cun orzamento total de máis de 1,5 millóns de euros ata 2026 e está cofinanciada polo POCTEP con fondos conseguidos especificamente para este proxecto a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), cun investimento total de todos os socios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LICITA POR 140.000 € AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA RAMPLA DO PORTO DE ESTEIRO, EN MUROS

Os traballos permitirán dar servizo para a descarga sobre o peirao ás embarcacións menores con base nesta dársena

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, acaba de iniciar hoxe o procedemento de licitación pública das obras de ampliación da rampla do porto de Esteiro, no municipio coruñés de Muros. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, deu traslado ao Consello da Xunta do inicio da licitación cun orzamento base de 140.000 euros, IVE incluído.

Os documentos e pregos do concurso están dispoñibles para os interesados na plataforma de contratos de Galicia, no perfil do contratante e na páxina web oficial de Portos de Galicia www.portosdegalicia.gal. Os licitadores terán de prazo 26 días naturais para presentar as súas ofertas.

As obras previstas consisten na construción dunha rampla de descarga para dar servizo ás embarcacións menores con base no porto sobre o peirao existente. Esta obra foi demandada reiteradamente pola confraría de pescadores. Para a construción da rampla será preciso demoler a parte superior do peirao ata formar a pendente. Partirá da cota +4.90 e descenderá cunha pendente constante de 10,90 % ata a cota +1.50. Acadada a dita cota, contará cunha meseta horizontal de 5 metros de longo, sumando en total 36 metros de longo.

O prazo de execución dos traballos, unha vez iniciada a obra, será de 6 meses e, con esta actuación, Portos de Galicia mellorará as condicións de traballo dos profesionais que operan no peirao de Esteiro, ademais de dar resposta a unha das principais demandas da Confraría de Pescadores de Muros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA FINANCIA CON 2,8 M€ OS PLANS DE PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DESENVOLVIDOS EN 2024 POLAS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS DE GALICIA

- É a segunda convocatoria desta liña de axudas, incluída no Fempa, e destinada a perfeccionar, tanto en termos de innovación como de sustentabilidade, a actividade extractiva, a produción dos distintos recursos mariños e a pesca artesanal
- O DOG publicará mañá a orde que, xunto á de 2023, suman un investimento total en só dúas anualidades de máis de 4,8 millóns de euros
- Estas achegas potencian o labor destas organizacións profesionais, consolidándoas como un mecanismo clave para asegurar o exercicio racional e sostible da pesca e a acuicultura, así como a estabilización dos mercados

O Consello da Xunta deu conta hoxe da convocatoria de axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (OPP), executados en 2024 e cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa). En total, 2,8 millóns de euros que permiten subvencionar estas accións, dirixidas a perfeccionar a actividade extractiva, a produción dos distintos recursos mariños e a pesca artesanal, tanto en termos de innovación como de xestión sustentable.

Trátase da segunda convocatoria desta liña de axudas que pon en marcha a Consellería do Mar e que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia*. Deste xeito, xunto co da anualidade anterior, o investimento total por parte do Goberno autonómico, ao abeiro desta iniciativa, supera os 4,8 millóns, o que permite que estas organizacións se consoliden como unha ferramenta clave para que o sector gane en competitividade e un mecanismo estratéxico para a estabilización dos mercados.

Destas axudas beneficiaranse as nove OPP existentes en Galicia -Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto de Vigo (OPP-4), Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7), Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto da Coruña (OPP-13), Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra (OPP-20), Porto de Celeiro, S.A. (OPP-77); Asociación de Armadores de Cerco de Galicia, Acerga (OPP-82); Sociedade Cooperativa Galega do Mar Santa Uxía de Ribeira (OPP-83), Parquistas de Carril (OPP-89) e a Organización de produtores pesqueiros de Noia (OPP-95). O prazo para solicitálas será dun mes, contado desde o día da publicación no DOG.

Os plans

Estes apoios permiten sufragar os plans de produción e comercialización destas entidades, que inclúen, entre outros aspectos, o programa de produción para as especies capturadas ou criadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exixencias do mercado e medidas preventivas especiais de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adaptación da oferta para as especies que presentan dificultades de comercialización durante o ano.

Ademais recollen as medidas establecidas no Regulamento da Organización Común de Mercados de cara á sustentabilidade pesqueira. Entre outros aspectos, fomentan as actividades pesqueiras viables e sustentables, contribúen a evitar e reducir as capturas non desexadas das poboacións comerciais, á eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e a mellorar a introdución no mercado dos produtos da pesca e da acuicultura. Tamén contribúen á rastrexabilidade dos produtos da pesca, á rendibilidade económica, e a reducir o impacto ambiental da pesca.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA REFORZA A LOITA CONTRA O ACOSO ESCOLAR CUNHA NOVA FERRAMENTA PARA QUE OS DOCENTES POIDAN INTERVIR DUN XEITO ÁXIL E RÁPIDO ANTE POSIBLES CONFLITOS

- O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sinala que o novo Termómetro Acoso Escolar está orientado a blindar os centros escolares como “espazos seguros e libres de calquera violencia”
- Trátase dun cuestionario en liña que os profesores poderán activar á demanda en calquera momento do curso, de xeito puntual ou periódico, para testar o clima de convivencia ou detectar tensións
- Os datos recollidos servirán de base para reflexionar e tomar decisións pedagóxicas para unha mellor convivencia e a intervención educativa se for necesaria
- Integraranse nunha plataforma centralizada que permitirá elaborar análises desagregadas por zonas, etapas e centros para unha visión integral que facilitará a planificación de estratexias de prevención e actuación fronte ao acoso
- Esta instrumento é unha das accións recollidas no Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar co que o Goberno galego intensifica as accións neste eido

O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que a Xunta dá un paso máis na loita contra o acoso e o ciberacoso escolar coa posta en marcha dunha nova ferramenta, o Termómetro Acoso Escolar, que contribuirá a unha mellor detección e prevención deste tipo de situacións. Segundo Rueda, está “orientado a previr e actuar cando se produzan os casos de acoso nos centros escolares, que teñen que seguir sendo espazos seguros e libres de calquera violencia”.

Trátase dun cuestionario dixital que os docentes poderán activar en calquera momento do curso, tanto nun aula concreta como en todo o centro, ante unha sospeita dunha posible conduta contraria á convivencia entre o alumnado. Deste xeito, desde este curso, os centros poderán obter información individualizada e analizar a súa situación neste eido e, a partir dela, deseñar e aplicar as medidas máis axeitadas ás súas circunstancias.

Tal e como explicou Rueda, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional avanza así no desenvolvemento do Plan integral contra o acoso e o ciberacoso que este curso se reforza con esta ferramenta e coa nova Rede de Concellos contra o Acoso Escolar en que se está a traballar, así como outras medidas que deriven dos resultados da quinta macroenquisa de convivencia que se están procesando.

Estas novas accións súmanse ás que xa están en funcionamento como os puntos Laranxa, caixas de correo físicas e dixitais para denunciar posibles casos de xeito anónimo; ou os equipos de actuación contra o Acoso Escolar, integrados por docentes que reciben formación específica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Modo de funcionamento

A nova ferramenta, que se activará nos próximos días, está configurada como un cuestionario en liña, sinxelo e de fácil aplicación, que poderán empregar os docentes en calquera momento en que sexa necesario para obter información sobre o ambiente de convivencia na súa aula. Está prevista para ser utilizada, tal e como informou Rueda, nos últimos cursos de educación primaria (5º e 6º) e en secundaria, bacharelato e FP.

Logo da decisión do profesor de activar o Termómetro Acoso Escolar, e unha vez que o alumnado o complete, xerárase de forma automática un informe detallado para a aula, que incluírá indicadores clave sobre a convivencia, o benestar emocional do grupo e a detección de posibles casos de acoso. Este informe servirá de base para a reflexión docente e para a toma de decisións pedagóxicas orientadas á mellora da convivencia e á intervención educativa cando sexa necesario.

No cuestionario inclúense preguntas orientadas a detectar posibles vítimas, posibles situacións de acoso en que o alumnado é espectador ou posibles persoas acosadoras tanto fisicamente como a través da internet e das redes sociais. Esta posibilidade de aplicación á demanda permite que cada docente poida testar de maneira puntual ou periódica o clima relacional do grupo, identificando posibles conflitos, tensións ou situacións de risco relacionadas co acoso escolar ou a exclusión social.

Plataforma de datos

Ademais, todos os datos recollidos estarán integrados nunha plataforma centralizada xestionada pola propia Consellería de Educación, na cal se garantirá a confidencialidade e anonimización da información individual.

Esta base de datos permitirá elaborar informes globais sobre o estado da convivencia escolar en Galicia, con posibilidade de análises desagregadas por zonas xeográficas, por etapas educativas ou por centros específicos. Deste xeito, disporase dunha visión integral e dinámica da situación, o que facilitará a planificación de estratexias de prevención, detección temperá e actuación fronte ao acoso escolar desde unha perspectiva tanto local como sistémica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EGAP DESENVOLVERÁ ESTE ANO 207 ACTIVIDADES FORMATIVAS E MÁIS DE 5.700 HORAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE E-ADMINISTRACIÓN, CIBERSEGURIDADE E COMPETENCIAS DIXITAIS

O programa formativo neste ano 2025 artéllase a través de vías como os cursos de formación continua, cursos superiores e outras actividades divulgativas como xornadas, conferencias e cursos monográficos

A Escola Galega de Administración Pública desenvolverá ao longo deste ano 2025 un total de 207 actividades formativas, con case 14.000 prazas e máis de 5.700 horas de formación para o persoal empregado público en materia de E-administración, ciberseguridade, competencias dixitais e intelixencia artificial. Así se desprende do informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia sobre a formación da escola neste eido.

Tal e como precisa o documento, desde 2018, a EGAP e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia veñen colaborando estreitamente coa sinatura de convenios anuais co obxectivo de organizar diversas actividades de formación para os empregados públicos e contribuír a acadar unha Administración máis eficaz e eficiente que ofrezca mellores servizos á cidadanía a través do incremento da transparencia na xestión, do achegamento da Administración ás persoas, dunha maior axilidade e eficiencia na tramitación dos procedementos e dunha maior accesibilidade.

Con este fin, o programa formativo neste ano 2025 artéllase a través de vías como os cursos de formación continua sobre intelixencia artificial, robotización ou seguridade e a protección de datos; e para que o persoal se poida especializar nas distintas plataformas tecnolóxicas propias da Xunta –o sistema electrónico de facturación SEF, o xestor de expedientes de contratación Platón, a canle dixital do emprego público Fides ou o sistema de licitación electrónica Silex–.

Así mesmo, cómpre salientar as actividades do Marco galego de competencias dixitais ComDix, dirixidas á utilización das tecnoloxías no ámbito persoal, social, educativo e profesional de forma efectiva, segura, crítica, creativa e cívica. Nesta liña, ao longo deste ano convocáronse xa seis actividades do nivel intermedio da certificación galega de competencias dixitais e, por primeira vez, probas de carácter libre, coas que poder obter de forma directa a certificación de ComDix iniciación.

Coa finalidade de ofrecerlles a determinados colectivos do sector público unha formación máis especializada e cunha duración maior, a EGAP conta con tres cursos superiores: en ciberseguridade, para concienciar da relevancia da materia desde unha perspectiva xurídica e técnica práctica; en administración electrónica, deseñado co obxectivo de afondar na materia desde unha perspectiva técnica, xurídica e práctica; e de protección de datos, centrado en concienciar da importancia deste dereito fundamental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao longo do ano, a Escola Galega de Administración Pública está a desenvolver tamén outras actividades divulgativas, entre xornadas, conferencias e cursos monográficos. Así, destacan, por exemplo os E-martes, unha sesión formativa única de sete horas lectivas centrada no manexo de aplicacións; a conferencia sobre a intelixencia artificial e control das administracións públicas ou o curso monográfico denominado *A regulación da intelixencia artificial: sistemas de datos*.

Todas estas actividades poñen de manifesto o esforzo que está a levar a cabo a EGAP para contribuír á capacitación do persoal empregado público no uso das TIC e garantir a mellor prestación dos servizos públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS CONCELLOS QUE EMPREGAN AS FERRAMENTAS DE CIBERSEGURIDADE DA XUNTA CUADRUPLICÁRONSE NO ÚLTIMO ANO

- Un total de 113 entidades locais teñen este ano monitorizados os seus servizos da internet para identificar e cualificar riscos, fronte ás 30 de 2024
- Na primeira metade deste ano, a Xunta de Galicia reportou ás entidades locais preto de 2.000 alertas por posibles fraudes, como credenciais roubadas ou webs falsas
- Os servizos autonómicos procesan diariamente 710 millóns de eventos informáticos en concellos e deputacións
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia informou hoxe o Consello sobre os servizos de ciberseguridade prestados á Administración local

As catro deputacións e 109 concellos utilizan os sistemas de monitorización dos servizos na internet proporcionados pola Xunta de Galicia, unha cifra que case se multiplicou por catro con respecto a 2024, cando eran 26 concellos e as catro deputacións. Estas ferramentas para identificar e cualificar riscos na rede permiten o control da actividade de 170 direccións IP e 252 dominios.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia elaborou un informe sobre os servizos de ciberseguridade prestados pola Xunta ás administracións locais, que hoxe foi recibido polo Consello de Goberno.

A Xunta ofrece servizos de ciberseguridade aos concellos e deputacións dende que en 2021 se puxo en marcha o plan para protexer ás entidades locais galegas fronte aos ciberataques. Esta prestación inclúe ferramentas e servizos avanzados de ciberseguridade, ademais de apoio técnico e iniciativas formativas e de capacitación.

A través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia póñense a disposición dos concellos e deputacións unha Oficina Técnica de Seguridade, monitorización dos servizos de internet, vixilancia dixital, monitorización permanente de alertas de ciberseguridade, auditorías técnicas para a mellora da seguridade, servizos de protección avanzada, e charlas para a formación e concienciación. Ademais, hai un servizo transversal para a difusión de información sobre ciberseguridade.

As deputacións, así como 22 grandes concellos, empregan os servizos de vixilancia dixital, que permiten unha supervisión continua de información sensible e evitan fraudes como o roubo de credenciais (usuario e contrasinal), dominios sospeitosos ou portais web similares aos das administracións, ou uso non autorizado do nome ou logotipo da entidade. A mediados de ano, este servizo levaba detectados cerca de 2.000 alertas de posibles fraudes. En 2024 lograronse identificar máis de 3.600 alertas.

A monitorización permanente de alertas de ciberseguridade é utilizada por 10 entidades locais e permite procesar máis de 700 millóns de eventos cada día. Na primeira metade deste ano levábanse xestionadas 8.500 alertas ou intentos de ataque.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dende 2022, a Xunta realizou 172 auditorías técnicas sobre ciberseguridade en deputacións e concellos e puxo á súa disposición 6.000 licencias dunha plataforma de protección avanzada.

O informe sinala que o plan para a protección das entidades locais é un exercicio de visión estratéxica, solidariedade institucional e optimización de esforzos. Estas administracións prestan servizos esenciais á cidadanía, que deben ser garantidos, e son depositarias de datos sensibles, que deben ser protexidos.

O acordo marco vixente para proporcionar servizos de ciberseguridade ás Administracións públicas, aprobado en 2024, ten un orzamento de 29.065.796 euros. Con anterioridade, en decembro de 2021, aprobárase o primeiro acordo marco por 8,2 millóns de euros, pero o incremento de incidentes de seguridade e a necesidade das entidades públicas dun asesoramento e soporte especializado neste ámbito fixo necesario triplicar a previsión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA O ENSANCHE E A MELLORA DA PO-230 AO SEU PASO POLOS CONCELLOS DE CAMPO LAMEIRO E CERDEDO-COTOBADE

- Esta actuación suporá un investimento superior aos 4,2 M€ e incidirá na funcionalidade e seguridade viaria desta estrada, incrementando deste xeito as oportunidades para a actividade económica e para fixar poboación no medio rural
- Trátase de mellorar o trazado da PO-230 entre Praderrei e Parada, núcleos do municipio de Campo Lameiro, que pasa tamén polo de Fentáns, no concello de Cerdedo-Cotobade
- A intervención ten como obxectivo o ensanche e a mellora do treito de 5,3 quilómetros de lonxitude da vía, que pasará a ter un ancho de preto de sete metros, con carrís de tres metros e unha beiravía de medio metro
- Proponse tamén mellorar o trazado existente, rectificando o raio en 19 curvas, realizando diversos cambios de sentido e mellorando os accesos existentes desde o viario municipal
- O proxecto someterase nos vindeiros días á información pública, tendo como obxectivo a Xunta aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2026, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a obra
- O Goberno galego segue impulsando actuacións que favorecen unha Galicia máis conectada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta aprobou hoxe someter a información pública o proxecto de ampliación e mellora da estrada autonómica PO-230, ao seu paso polos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, e que suporán un investimento que supera os 4,2M€.

Trátase dun proxecto que busca mellorar e ensanchar a PO-230 no treito de 5,3 quilómetros de lonxitude, comprendido entre os punto quilométrico 2+000 e o 7+300, que percorre os núcleos de poboación de Pradorrei (Campo Lameiro), Fentáns (Cerdedo-Cotobade) e Parada (Campo Lameiro).

O obxectivo desta nova actuación do Goberno galego é mellorar a funcionalidade e a seguridade viaria desta estrada, incrementando deste xeito as oportunidades para a actividade económica e para fixar poboación no medio rural.

Este tramo da PO-230 contará cunha nova sección transversal da plataforma variable ao ancho do tramo da estrada, acadando os 7 metros, con dous carrís destinados á circulación de 3 metros de ancho, e as beiravías de 0,5 metros na maior parte do treito. Naqueles puntos onde existan elementos patrimoniais manterase a sección existente e adaptáronse os elementos funcionais.

Coas actuacións que se propón realizar desde a Axencia Galega de Infraestruturas, preténdese tamén mellorar o trazado existente, aumentando o radio de 19 curvas coa finalidade de mellorar a seguridade viaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


O proxecto tamén prevé a realización de diversos cambios de sentido, concretamente nos puntos quilómetros 2+899, 5+300 e 6+327; e a mellora dos accesos existentes desde o viario municipal.

Tramitación

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, a efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e a efectos expropiatorios, por un prazo de 30 días. Para executar as obras será necesaria a expropiación de 168 predios, nos concellos de Campo Lameiro e Cercedo-Cotobade.

A previsión do departamento de Infraestruturas da Xunta é poder aprobar o proxecto no primeiro trimestre de 2026, para a continuación acometer a redacción do proxecto construtivo e licitar a execución das obras.

O Goberno galego continúa a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura.



PO-230 e, en cor, o treito do proxecto aprobado provisionalmente no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA XA TEN EN MARCHA O 73 % DAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA COMPROMETIDAS PARA ESTA LEGISLATURA

- O Consello da Xunta de Galicia dá conta do informe da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas que cifra en 2.943 as novas vivendas en marcha, o que supón un investimento xa licitado de 208 M€, e un total estimado de 451 M€
- Sinala que xa están en construción 825 fogares, 56 con obra licitada e 2.062 en estado de licitación ou execución da redacción de proxecto e dirección de obra
- A través do IGVS están en execución un total de 825 vivendas de promoción pública cun investimento xa licitado de 183 M€
- Xa están programadas pola Sociedade de Vivenda pública de Galicia outras 1.777 vivendas, cos proxectos licitados o adxudicados por un investimento xa licitado próximo aos 23 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o informe da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas cifra en 2.943 as vivendas de promoción pública en marcha diferentes fases de tramitación e execución na comunidade. Estas vivendas forman parte do traballo do Goberno galego para duplicar o parque público residencial, o que significa que neste momento a Xunta ten xa en marcha o 73 % dos novos fogares comprometidos para esta lexislatura. Cómpre recordar que en 2025 o Goberno galego triplicou o orzamento destinado á vivenda pública e solo residencial.

O Informe reflicte así que neste momento, a Xunta de Galicia ten 2.943 vivendas de nova construción en marcha, o que supón un investimento xa licitado de 208 M€, e un total estimado de 451 M€: "Xa están licitadas e en diferentes fases de execución. En ano e medio de lexislatura avanzamos cara ao obxectivo da construción do 75% das 4.000 vivendas comprometidas", apuntou o presidente. En concreto, 2.062 en estado de licitación ou execución da redacción de proxecto e dirección de obra, 56 con obra licitada e 825 xa en obras.

O Goberno galego, para acadar este reto, está impulsando a construción destes novos fogares de promoción pública a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), e por outra banda, e tras iniciar a súa actividade a principios de 2025, a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) está a impulsar a construción tanto de inmobles en parcelas de titularidade municipal cedidas nesta lexislatura á Xunta e os inmobles vinculados a actividade de Xestur, antiga empresa pública promotora de vivenda protexida. O seu obxectivo é chegar a poñer en marcha 2.350 fogares nesta lexislatura.

En concreto, neste momento están en construción un total de 825 vivendas de promoción pública con obra promovida a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), cun investimento xa licitado de 183 millóns de euros.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo ten en marcha, dentro do cómputo das novas vivendas, a promoción de 190 aloxamentos compartidos e temporais dirixidos a menores de 36 anos, cunha estimación de investimento futuro de preto de 27 M€. Estas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actuacións desenvolveranse en Lugo, en Vigo e en Santiago de Compostela, co obxectivo de ampliar a oferta de vivenda pública adaptada ás necesidades da mocidade galega.

Ademais, xa están programadas pola Sociedade de Vivenda pública de Galicia (Vipugal) outras 1.777 vivendas, cos proxectos licitados ou adxudicados por un investimento aproximado xa licitado de 23 millóns de euros.

No detalle, da cesión de solo cos concellos onde existe demanda acreditada de vivenda, Vipugal ten en marcha a promoción de 768 vivendas, e pendentes de cesións posibles de varios concellos.

Distribución por provincia

Por provincias, na Coruña, concretamente na cidade da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Narón e Teo, hai en marcha 966, das que 574 están en estado de licitación ou execución de proxecto, e 212 están en obras.

En Lugo, 597 vivendas en marcha, 451 en estado de licitación ou execución de proxecto, e 146 están en obras.

Na provincia de Pontevedra, concretamente na cidade de Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Mos, A Estrada e Lalín, "concello de diferentes formacións políticas", a Xunta ten en marcha 1.304 vivendas, das que 845 están en fase de licitación ou execución de proxecto, 56 teñen a obra xa licitada e 403 en execución de obra.

Na provincia de Ourense, en concreto en Ourense cidade e San Cibrao das Viñas, o Goberno galego ten 76 vivendas en marcha, 12 en fase de licitación ou execución de proxecto e 64 en obras. Para Rueda, estes datos "amosan que Galicia cumpre. Que a Xunta avanza con paso firme, e reitero o compromiso de cumprir o que dixemos de ampliar a oferta de vivenda na comunidade".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EDICIÓN EN GALICIA SUMOU 1.948 TÍTULOS EN 2024, DOS CALES O 65 % SON EN LINGUA GALEGA

- O Consello da Xunta avalía os datos sobre o sector da edición literaria no pasado exercicio co fin de coñecer con detalle cal é a situación actual neste eido
- O informe destaca que a facturación do libro en galego foi de 14 M€, o que supón máis da metade das vendas, e que en total se comercializaron 1,58 millóns de exemplares
- As categorías con maior nivel de actividade son as de ficción para adultos, infantil e xuvenil e non ficción

A edición en Galicia sumou o pasado ano 2024 1.948 novos títulos, dos cales o 65 % foron publicados en lingua galega. Así se desprende do informe sobre o sector editorial na comunidade autónoma que foi avaliado hoxe polo Consello da Xunta co obxectivo de coñecer con detalle cal é a situación actual neste eido.

Así, tal e como se recolle neste documento, coa edición dos novos volumes, a oferta de títulos vivos en Galicia supera xa os 22.000, dos cales a metade están dispoñibles en galego, mentres que a metade restante se distribúe en linguas como o castelán, o inglés ou o portugués. Cómpre destacar que o 71 % destes novos títulos foron editados en formato impreso, cunha tiraxe total de 1.377.085 exemplares. Esta produción distribúese principalmente nas categorías de ficción para adultos, infantil e xuvenil e non ficción que, no seu conxunto, representan preto do 80 % dos títulos.

Por outro lado, destácase que do total de libros editados en 2024, 564 publicáronse en formato electrónico, o que representa o 2 % do mercado electrónico en España. Isto xera unha facturación anual de 1,4 M€ e as materias con maior peso son ficción para adultos, seguida por infantil e xuvenil, non ficción e texto non universitario.

O informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta inclúe tamén os datos proporcionados polas editoras sobre comercialización, facturación e vendas que achegan información clave sobre o actual estado da industria do libro. Neste senso, cabe destacar que o pasado ano, o sector editorial en Galicia rexistrou unha facturación de 27,72 M€, dos que máis da metade se corresponden a libros editados en galego. Ademais, desta facturación, preto de 25 M€ corresponden á venda de exemplares en formato impreso, o que supón a comercialización de 1,58 millóns de exemplares cun prezo medio de 15,79 € por unidade.

No conxunto de libros editados ao longo de todo o ano, dúas categorías concentran o 69,8 % da facturación. Trátase das de infantil e xuvenil e texto non universitario, seguidas de non ficción e ficción para adultos. Ademais, no mercado en lingua galega, as principais canles de comercialización son as librerías, con máis da metade das vendas, as empresas e institucións e as cadeas de librarías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Impulso ao sector do libro

A través deste documento, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon de manifesto a necesidade de contar cunha diagnose ampla e completa sobre a situación actual da edición privada co obxectivo de axudar a formular e deseñar futuras políticas e plans para o fomento da lectura.

Cómpre lembrar, que o Goberno galego mantén un compromiso estable con este sector, ao que achega cada ano 3 M€ para promocialo en todas a súas vertentes a través de diferentes convocatorias e propostas para incentivar a produción editorial, apoiar a difusión da lectura, colaborar con novas adquisicións por parte de bibliotecas e axencias de lectura, favorecer a asistencia a eventos promocionais dentro e fóra de Galicia ou impulsar actividades de dinamización da lectura como o circuíto das Feiras do Libro que este verán percorreu 13 cidades e vilas de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA DE MENTORÍA PARA MODERNIZAR E POTENCIAR OS NEGOCIOS DE MÁIS DE 200 PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a sexta edición desta iniciativa que o Executivo autonómico sacou a licitación por máis de 287.000 euros
- Os participantes neste programa, dirixido ás persoas traballadoras autónomas cun mínimo de 42 meses de actividade, recibirán acompañamento ao longo dun ano e formación relacionada con temas chave como as TIC ou a apertura a novos mercados
- Con esta medida impúlsase ademais unha rede das persoas mentoras ás que tamén se lles imparte formación, actividades de cualificación e para favorecer sinerxías
- Desde o inicio deste programa no ano 2020, o Goberno galego apoiou con el a actividade de máis de 1.000 persoas traballadoras autónomas, das que máis do 90 % valoraron como bastante ou moi útil a iniciativa ao seu remate
- Esta medida enmárcase na aposta da Xunta para impulsar o traballo por conta propia, que pechou agosto de 2025 con arredor de 212.600 autónomos, sendo Galicia a primeira comunidade autónoma de España con maior peso deste colectivo

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración impulsa unha nova edición do programa de mentoría para mellorar a competitividade de máis de 200 persoas traballadoras por conta propia. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre esta nova edición da iniciativa, que é a sexta e que o Executivo autonómico sacou a licitación por máis de 287.000 euros.

En concreto, deste programa poden beneficiarse as persoas traballadoras autónomas consolidadas, que contén cun mínimo de 42 meses de actividade económica. As persoas seleccionadas para formar parte del recibirán acompañamento ao longo dun ano co fin de seguir impulsando a súa actividade empresarial, favorecendo a súa modernización e a apertura a novas oportunidades. Ademais, estes emprendedores recibirán formación relacionada coas TIC, novos mercados, a sustentabilidade ou o cooperativismo, e o programa tamén contribúe a incrementar os seus contactos profesionais.

Deste xeito, a Administración autonómica busca potenciar o desenvolvemento das competencias emprendedoras dos participantes, reducir os riscos da súa actividade profesional e acompañalos na modernización e consolidación de negocios viables e adaptados ás necesidades dos diferentes mercados.

En relación coas persoas mentoras, no marco desta iniciativa tamén se impulsa unha rede destes profesionais aos que se lles imparte formación, actividades para favorecer sinerxías e cualificación. Estas persoas mentoras pertencen a distintos ámbitos, entre eles, finanzas, fiscal, tecnoloxía, marketing, comunicación, recursos humanos e legal.

Neste sentido, a metodoloxía desta acción permite ás persoas mentoras transferir a súa experiencia aos participantes, establecéndose unha relación de confianza entre ambas partes que se instrumenta mediante un proceso de acompañamento e orientación a través da experiencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Balance das cinco edicións anteriores

Coas cinco edicións anteriores desta iniciativa, desenvolvidas no período 2020-2024, a Xunta apoiou máis de 1.000 persoas traballadoras autónomas -unhas 200 persoas en cada edición-. En concreto, a última contou con 56 mentores e con 214 profesionais en proceso de adaptar ou transformar os seus negocios ás necesidades do mercado.

Desde que comezou o programa de mentoría, máis do 90 % dos participantes nesta iniciativa autonómica valoraron como bastante ou moi útil a iniciativa ao seu remate. No 22 % dos casos incrementaron a súa cifra de negocio e un 10 % fixo algunha contratación, aspectos que demostran a eficacia deste programa.

Aposta polo traballo autónomo

Esta medida enmárcase na aposta da Xunta para impulsar o traballo por conta propia, que pechou agosto de 2025 con arredor de 212.600 autónomos, o que supón preto do 20 % da poboación afiliada, preto de catro puntos máis que a media nacional e sendo Galicia a primeira comunidade autónoma de España con maior peso deste colectivo.

Neste compromiso do Goberno galego co sector tamén se enmarca a orde coas axudas específicas para autónomos, publicada este ano por primeira vez de xeito unificado para facilitar a súa actividade e dotada con máis de 40 M€. En concreto, esta orde inclúe cinco programas que van desde o inicio da actividade aos de consolidación e mantemento e tamén incorpora os apoios á conciliación e a quen desexe volver emprender tras cesar a súa actividade. Esta aposta referéndase coa Estratexia Impulso Autónomo Horizonte 2027, dotada de 360 M€ e complementase con outras medidas para favorecer a creación de negocios, entre elas a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA EXECUTA UN PAGAMENTO COMPLEMENTARIO DE 2,4 M€ DA CAMPAÑA DA PAC 2024

- Deste xeito péchase este exercicio da política agraria común, cun orzamento de máis de 216 millóns de euros que beneficiou a 22.500 agricultores e gandeiros galegos
- Este pagamento adicional débese ao aumento do coeficiente definitivo de incremento da axuda básica á renda para a sustentabilidade (ABRS)
- Con este mecanismo, o remanente resultante fai que as achegas para a ABRS poidan incrementarse nun 5,14 %

A Xunta aboará a finais de semana un novo pagamento complementario da campaña da política agraria común (PAC) 2024, que ascende a algo máis de 2,4 millóns de euros. Deste xeito, péchanse os pagamentos da PAC 2024 cun orzamento total de máis de 216 millóns de euros para arredor de 22.500 agricultores e gandeiros galegos.

Este pagamento adicional débese ao aumento do coeficiente definitivo de incremento da axuda básica á renda para a sustentabilidade (ABRS), tal e como establece o mecanismo de aproveitamento de fondos do Plan estratéxico da PAC, e que permite aumentar linealmente o importe para pagar a ABRS cando os resultados doutras intervencións en forma de pagamentos directos fosen inferiores ao previsto.

Con este mecanismo, o remanente resultante fai que as achegas para a ABRS poidan incrementarse nun 5,14 %. Para acadar esta porcentaxe levouse a cabo un proceso de cálculo, no cal tamén se incluíron algúns expedientes que estaban pendentes de finalizar trámites das liñas de axudas redistributivas e de incorporación de persoas mozas. Prevese que estes pagamentos estean aboados a finais desta semana.

Campaña da PAC completada no mes de xuño

Cabe sinalar que a finais do mes de xuño a Xunta de Galicia xa completara todos os pagamentos da campaña da PAC 2024, que ascenderon por riba dos 214 millóns de euros, ben que a execución das diferentes liñas se foi efectuando con antelación nos meses previos.

En decembro de 2024 executouse un pagamento de 17,3 millóns de euros correspondentes ás zonas con limitacións naturais. Posteriormente, xa no mes de maio de 2025, desembolsáronse uns 172,5 millóns de euros para aboar o 100 % das axudas directas. Por último, a finais de xuño pagáronse un total de 24,26 millóns de euros correspondentes ás axudas agroambientais.